

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dous de decembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as once horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

— Dioselina Quiroga Rozo

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 20 de marzo de 2025 (RE-E núm. 213), coas seguintes características:

DATOS DO ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS	JORGE PORTO GONZÁLEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	MELIDE (A CORUÑA)

DATOS DA NOVA TITULAR

NOME E APELIDOS	DIOSELINA QUIROGA ROZO
NIE	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	CAFÉ BAR
DENOMINACIÓN COMERCIAL	CENTRO
SITUACIÓN	AVDA. LALÍN-MONFORTE NÚM. 19 – BAIXO
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	6226805NH8262N0001PK
TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE	SI (ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO DE DATA 19/03/1996)
NÚM. INSCRICIÓN REATG	██████████

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obriga legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ”, INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2025

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 10 de novembro de 2025, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “*REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ*”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 26 de novembro de 2025.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de *“REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ”*.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 463.753,93 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

4.- CONTRATACIÓN DUN (1) TRABALLADOR INSCRITO NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 10 de novembro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun (1) posto de traballo subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de peón forestal (RS núm. 822, do 11/11/25). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os seguintes candidatos:

Peón de obras públicas (oferta núm. ██████████)

- De la Vega Sanz, Christian
- Moreiras Méndez, Adrián

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos candidatos preseleccionados un prazo de tres días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentou a documentación o seguinte único candidato:

- Moreiras Méndez, Adrián (RE núm. 2003, do 19/11/25).

Por resolución da Alcaldía de data 24/11/25 o candidato presentado foi admitido ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 25 e 26 de novembro do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO	PROBA PRÁCTICA	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
ADRIÁN MOREIRAS MÉNDEZ	8,00	0,00	8,00

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor do único candidato admitido e puntuado: Adrián Moreiras Méndez.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de duración determinada vinculado a programas de políticas activas de emprego financiados con fondos europeos, a tempo completo (37,5 horas/semana), por un período de nove meses, do traballador que deseguido se sinala:

Peón de obras públicas

NOME E APELIDOS	DNI
ADRIÁN MOREIRAS MÉNDEZ	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- DACIÓN DE CONTA DAS PREMIADAS NO III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “MULLER RURAL: DE ONTE E DE HOXE”

De conformidade co establecido nas Bases do III Concurso de fotografía “Muller Rural: de onte e de hoxe”, aprobadas por acordo de deste órgano adoptado na sesión de data 7 de outubro de 2025, infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local do informe emitido pola concelleira-delegada de Cultura Dona Xulia Dacal Juiz, en data 21/11/25, que comunica o resultado dos votos emitidos que deron como resultado a concesión dos seguintes premios:

PREMIO	TÍTULO	BENEFICIARIA	IMPORTE
PRIMEIRO	A nena que medrou no rural	Marta Vence Areán	100,00 €
SEGUNDO	As nenas no rural seguen sendo nenas	Belén Villanueva Patao	75,00 €
TERCEIRO	Xogando cos fillos	Xandra García Hermida	50,00 €

6.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADOR LABORAL FIXO DO CONCELLO

VISTA a petición formulada polo traballador laboral fixo, coa categoría de técnico informático, Don Alfonso Doval Cidre (RE-E núm. 745, do 27/11/25), solicitando o recoñecemento do sexto trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 18 de xaneiro de 2011, 13 de marzo de 2014, 30 de novembro de 2016 e 12 de decembro de 2019, recoñeceu o dereito ao percibo de catro trienios. Asemade, por resolución da Alcaldía de data 13/12/22, foille recoñecido o quinto trienio.

VISTO o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao traballador laboral fixo Don Alfonso Doval Cidre o seu dereito a percibir o sexto trienio con data de consolidación do día 25 de novembro de 2025 e con efectos económicos do día 1 de decembro de 2025.

7.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona Oristila González González (RE núm. 2040, do 27/11/25), e a proposta de resolución emitida con data 27/11/25 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona ORISTILA GONZÁLEZ GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar de Barbeitos, parroquia de Negrelos.

8.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 correspondente á obra de “*Construcción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 2*”, por importe de TRES MIL OITOCENTOS SEIS EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (3.806,25 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 3.806,25 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 25/101 (FACe), de data 17/11/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ALEJANDRA FERNÁNDEZ-GAGO LONGUEIRA 1.694,00 €
Por servizo de asistencia técnica en materia urbanística no mes de novembro de 2025, s/factura núm. Fn-2025-09-5CR.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 54,77 € E 10,96 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de outubro de 2025 e regularización, s/facturas núm. 25ZNX0279770 e 25ZNX0280873 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)